

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	5º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Esta programación vai dirixida a alumnado de 5 de Educación Infantil do Ceip Plurilingüe Montemogos de Beluso no concello de Bueu. A aula conta cun total de 11 alumnos e alumnas, dos cales dous presentan necesidades educativas especiais, xa que van requirir ao longo de toda a escolarización determinados apoios e atencións educativas específicas.

O equipo docente de Educación Infantil está constituído pola mestra titora, unha mestra de apoio, un mestre especialista de música (que ten horas de apoio), unha mestra de inglés, un mestre de relixión católica, e unha mestra de educación física que imparte psicomotricidade. Así mesmo contará coa mestra de A.L. (compartida con outro centro) e a de P.T.

A programación da área de Crecemento en Harmonía está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas (Comunicación e Representación da realidade e Descubrimento e Exploración da Contorna). Recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 5º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Os obxectivos ao redor dos que se organizan as aprendizaxes desta área están orientados cara a tres aspectos fundamentais da comunicación: a expresión, a comprensión e a interacción para visibilizar as posibilidades comunicativas das diferentes linguaxes e formas de expresión, aínda que se lle concede un carácter prioritario ao proceso de adquisición da linguaxe verbal nas dúas linguas cooficiais.

A oralidade é o instrumento por excelencia para a comunicación; a expresión de vivencias, sentimentos, ideas ou emocións; a aprendizaxe e a regulación da conduta. Por iso, a súa adquisición e desenvolvemento ocupa un lugar de especial relevancia nesta etapa.

Tamén ten unha importancia fundamental nestes primeiros anos a comunicación non verbal.

Se creará un ambiente multialfabetizador rico que comprenda todas as linguaxes posibles e que estableza relacións entre elas, na busca de que o alumnado desenvolva a capacidade de realizar transferencias.

Se favorecerá unha primeira aproximación á lectura e á escritura através dun contexto de interacción con iguais e persoas adultas que exercen como modelos lectores e escritores, que espertarán a curiosidade, o interese e as ganas de explorar e de descubrir o seu significado social e cultural.

Iníciase tamén o achegamento á literatura infantil como fonte de gozo e empézase a tecer, desde a escoita dos contos, cancións no contexto cotián, un vínculo emocional e lúdico cos textos literarios.

Alfabetización dixital. As nenas e os nenos atópanse inmersos nunha sociedade na que o dixital afecta a nosa forma de comunicarnos, de obter información, de aprender ou de relacionarnos. É, polo tanto, responsabilidade da persoa docente establecer pautas para o desenvolvemento de hábitos de uso saudables das ferramentas e tecnoloxías dixitais

As linguaxes artísticas axudan a desenvolver a capacidade de construír conceptos, adquirir habilidades manuais e despregar a imaxinación.

A linguaxe musical permite o desenvolvemento de aspectos como a escoita atenta e activa e facilita, en gran maneira, a adquisición da linguaxe oral, a súa estruturación, ton, ritmo e entoación; a sensibilidade; a improvisación e o gozo a través da voz, do propio corpo ou dos xogos motores e sonoros.

Con respecto á linguaxe plástica, Con respecto á linguaxe plástica, nesta etapa adquiriranse e desenvolveranse de forma progresiva desde a descuberta sensorial dos materiais e o gozo polo efecto da pegada, ata a experimentación con diferentes técnicas e materiais para expresar ideas, emocións e sentimentos.

A linguaxe corporal permite o descubrimento de novas e persoais posibilidades expresivas que poden utilizarse cunha intención comunicativa, representativa ou estética e contribuirán ao autoconecemento e á construción da identidade e ao coñecemento da realidade.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa mestra.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1			1	1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1			1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas co desenvolvemento do corpo e o manexo de útiles Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo manual, ademais de todo aquilo que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado	50	X	X	X
2	Así son	Nesta unidade didáctica traballaremos cos alumnas e alumnos o autocoñecemento. Poderemos levar a a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades,	50	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Así son	diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións...	50	X	X	X
3	Arte-llando	Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. Este ano traballaremos especialmente o PDI de centro "imaxinARTE" adicado ás artes plásticas. A través das actividades programados coñeceremos sensacións, emocións,... e buscaremos o progresivo control dos diferentes útiles.	50	X	X	X
4	Mundo vexetal	Mundo vexetal: Plantas e árbores da contorna. A horta Programaranse actividades que teñan coma finalidade o coidado e o respecto pola contorna natural.	20			X
5	Mundo animal	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal, ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, a relación cos seres humanos. Buscaremos información sobre a forma de desprazarse dos animais, a súa alimentación ou reprodución en comparación coas nosas.	25		X	
6	Onde eu vivo	Nesta categoría pódese incluír proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. As actividades irán encamiñadas á valoración e o respecto a nosa realidade. Coñecendo a Rosalía	40	X	X	X
7	En xogo!	Esta unidade pertence á PDI do Centro, que será desenvolvida por todo o alumnado do mesmo e se irá relacionando con todas as conmemoracións do centro. Traballarase de xeito transversal e globalizado durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías.	45	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendizaxe continua	50

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións de xeito guiado, sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos de xeito activo	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Iníciase no emprego de estratexias de xestión emocional para tolear a frustración.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda tanto a adultos coma compañeiros/os.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Mostra gustos, preferencias e inquietudes.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Controla os útiles de maior uso	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito guiado, colaborando e aceptando as normas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar os tempos das actividades cotiás.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacciona coas demais persoas, nas súas actividades cotiás.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais. - Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

UD	Título da UD	Duración
2	Así son	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra confianza nas súas posibilidades e recoñece ás súas limitacións.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Iniciase no emprego de estratexias de xestión emocional para tolerar a frustración.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e dos demais persoas. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte-llando	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra confianza nas súas posibilidades e recoñece ás súas limitacións.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina.

UD	Título da UD	Duración
4	Mundo vexetal	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

UD	Título da UD	Duración
5	Mundo animal	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

UD	Título da UD	Duración
6	Onde eu vivo	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos positivos e negativos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar.	TI
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais, mostrando interese por coñecelas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais. - Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
7	En xogo!	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Manifesta unha imaxe positiva propia e aceta a súa identidade.	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	É quen de identificar e valorar positivamente as semellanzas e diferenzas entre as persoas.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos de xeito activo.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Mostra un nivel mínimo de tolerancia á frustración e adapta o seu comportamento.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.

Contidos

- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na área de Crecemento en Harmonía buscará desenvolver no alumnado o máximo desenvolvemento axustándose ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras. Estas situacións educativas promoverán a observación, a manipulación e a exploración dos nenos e das nenas desenvolvendo aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tanto nos movementos coma nos desprazamentos, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- Enfoque globalizador. Os nenos e as nenas adoitan un papel activo na formación da súa personalidade, na adquisición da súa autonomía, iniciativa e responsabilidade, do intercambio de puntos de vista, de compartir e construír coñecementos, expersar e argumentar as súas opinións, e buscar solucións creativas.

- O xogo como medio e fin das aprendizaxes. Destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa xa que mentras o fan, manipulan obxectos nin espazo e nun tempo, crean, transforman, establecen relacións, etc, manifestando a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias afrontando novos niveis de relación e interacción.

- A contorna e a natureza como espazo vivo das aprendizaxes. O contacto coa natureza é unha necesidade básica da infancia. Iremos aproveitar os recursos da contorna e da comunidade educativa para facer posible aprendizaxes significativas e conectadas coa vida e coas emocións.

- Aprendizaxes baseadas na vivenciación e na experimentación. Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofrecendo sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

Destacaremos os ambientes de aprendizaxe como espazos pensados e creados para desenvolver as potencialidades e as capacidades do alumnado.

- Sensorial e experimentación.

- Calma e tranquilidade.

- Lóxico matemático.

- De representación e comunicación.

- De construción.

- Xogo simbólico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)

Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E...
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidad: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc...)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc...)
Instrumentos musicais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado.
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Observación do estado físico, emocional, coñecementos previos de cada alumna e alumno

A avaliación inicial é importante na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, neste caso unha nena con diagnóstico TEA que presenta afectación da linguaxe, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Adecar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas STEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar	X	X	X
Contacontos	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar	X	X	X
Saída de campo	En cada unidade realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso	X	X	X
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa, tapóns,...	X	X	X
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Temporalización de actividades adecuada.

A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Metodoloxía empregada
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Empréganse diversos recursos didácticos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza para poder modificalo e melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Valoración e seguimento trimestral da programación por parte de cada titora ou especialista. Xuntanza en xuño do equipo de infantil para poñer en común os resultados.

9. Outros apartados